

GALEGO

Esta semana propóñoche estas actividades para galego pero que teñen que ver con sociais e naturais.

Escolle unha posía: copíaa e docóráa.

Como opción voluntarias:

1. Fai unha presentación con debuxos ou imaxes.
2. Serías quen de aprendela?
3. Atreveríaste a grabala e enviarlla ao titor?

No niño novo do vento. Álvaro Cunqueiro

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

CUNQUEIRO, Álvaro, *Cantiga nova que se chama Riveira*, en *Obra en galego completa*, Vigo, Ed. Galaxia, 1980.

As froliñas dos toxos. A. Noriega Varela

¡Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!

Eu venero as froliñas dos toxos.

Dos toxales as tenues froliñas,
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Entre espiñas que o ceio agasalla
con diamánte-las noites que orballa.

¡Oh do iermo o preciado tesouro!
as froliñas dos toxos son de ouro.

De ouro vello son, mai, as froliñas
dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!...

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994): *Antonio Noriega Varela. Estudo e edición da obra completa*. (Lugo: Deputación Provincial de Lugo. Servizo de publicacións)